

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 38 (2015-2016), páxs. 313-319
ISSN: 1130-2682

REEMBOLSO DAS ACHEGAS DERIVADA DA EXPULSIÓN
DO SOCIO: SEGUNDO OS ESTATUTOS SOCIAIS,
PARA A SÚA VALORACIÓN DEBESE ESTAR AO
BALANCE E NON AO SEU PREZO DE MERCADO
(ANOTACION Á SENTENZA DO XULGADO DO MERCANTIL
DE MURCIA NÚM. 219/2015, DE 22 DE SETEMBRO)

*REIMBURSEMENT OF CONTRIBUTION DERIVED FROM
THE EXPULSION OF THE MEMBER: ACCORDING
TO THE BYLAWS, FOR ASSESSMENT SHOULD BE
THE BALANCE AND NOT ITS MARKET PRICE.
ANNOTATION TO THE JUDGMENT OF THE COMMERCIAL
COURT OF MURCIA NÚM. 219/2015, 22 SEPTEMBER*

XACOBO IZQUIERDO ALONSO¹

¹ Prof. de Dereito Mercantil. Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: jizqdo@uvigo.es.

I RESUMO

O Xulgado do Mercantil de Murcia desestima a demanda interposta por J.I. contra a sociedade cooperativa R. G. SCL.

J.I. demandara a R.G. SCL reclamando unha determinada suma no exercicio dunha acción de reembolso de cooperativista. Debido a certas cuestións relativas á lexitimación activa, a cantidade obxecto do procedemento foi reducida á correspondente ás participacións ou “horas de auga” que lle correspondían ao devandito actor.

Segundo reflíctese nos Fundamentos Xurídicos da Sentenza obxecto de anotación (Fundamento Primeiro: Prantexamento), a acción de reembolso deriva da expulsión do actor como socio da sociedade cooperativa. A data do acordo de expulsión adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria (dado relevante ao condicionar a normativa aplicable) é a de 23 de outubro de 1998. Aínda que este acordo de expulsión fora recurrido o seu día, a expulsión foi confirmada por sentenza da Audiencia Provincial de 17 de outubro de 2003.

Na demanda presentada alégase incumprimento pola entidade demandada da súa obriga de reembolso das achegas efectuadas polo actor á cooperativa (a sentenza, reproducindo –supoñemos- a demanda, dí “participacións”), presentando o actor un informe pericial no que a liquidación basease no valor de mercado ou valor razoable das ditas achegas.

Pola súa parte, o demandado despois de invocar a prescripción da acción (que non prosperarou), no referente a liquidación en si, contesta que ésta se deberá fixar consonte ao importe das achegas no intre da baixa, deducindo as perdas, sumado o importe das achegas obrigatorias, puidéndose facer deducción de ata o 30% no caso de expulsión.

Punto central do debate é o relativo ao reembolso das achegas é decir, a determinación da liquidación da súa participación na sociedade cooperativa ao demandante (Fundamento Xurídico Cuarto). Resolto o punto debatido da norma aplicable ao caso –a Lei de Cooperativas do 1987-, considerase que ésta (art. 80) establecía que o dito dereito de reembolso debería ser obxecto de regulación nos estatutos sociais e consonte a establecido na propia lei. Os estatutos da sociedade cooperativa da *litis* recoñecen así ao socio expulsado unha acción para esixir o reembolso das achegas ao capital social que aquél tivera feito. Os mesmos estatutos establecen unha serie de parámetros a aplicar coma deducións ao “*importe de las aportaciones*”, co que xurde o problema de interpreta-la devandita expresión.

Resulta de interese, ao efecto indicado, ter en conta que, a sentenza comentada cita aquí a STS de 6 de febreiro de 2014, en relación ao concepto paralelo nas

sociedades de capital: para expresaren o contributo do socio ao capital social, a lexislación de cooperativas (estatal e autonómica) non utilizan o termo “*participación*”, de xeito que queda desbotado calquer entendemento daquel como equivalente á titularidade dunha cota do patrimonio social. E, xa que logo, o socio cooperativista non terá dereito a un “*valor razonable*” da súa participación no capital social, senon que terá dereito ao reembolso das achegas obrigatorias e voluntarias segundo o valor acreditado que teñan a partires do balance do peche do exercicio social no que se orixinare o dereito a tal reembolso.

O anterior leva a desestimar a contía reclamada na demanda no exercicio da acción de reembolso das achegas, pois fora calculada polo perito presentado partindo, en criterio do xulgador, dunha premisa errónea, cal sería a do cálculo do valor daquelas en base ao prezo de mercado que terían acadado as ditas participacións sociais nunha compravenda. Pola contra, o criterio a aplicar, segundo os Estatutos sociais, sería o do valor recoñecido no balance do exercicio no que o socio causa baixa ás achegas obrigatorias e voluntarias.

Asemade é obxecto de rexeitamento o importe alegado pola sociedade demandada, calculado en razón as achegas obrigatorias consignadas na escritura de constitución, o que tamén, en criterio do xulgador de instancia, constitúe unha premisa errónea. O que, segundo éste, debía ter feito a demandada, sería achegar as contas anuais de 1998 (o ano da expulsión do actor) e o correspondente informe pericial que determinara o valor recoñecido ás participacións no balance do exercicio de 1998.

En orde á liquidación fixada pola demandada, sinalanse dúas cuestións na sentenza anotada.

Unha, que o Consello Rector nunca comunicara ao actor a liquidación, pois nunca houbo un acordo do mesmo en tal sentido.

Outra, relativa aos conceptos aplicados á liquidación, a saber: 1, aplicación da deducción do 30% acordado con motivo da expulsión; 2, a débeda recoñecida polo actor na mesma demanda; 3, a compensación dos importes que debe o actor á demandada en concepto de costas en procedementos xudiciais.

En conclusión, o Xulgado do Mercantil de Murcia desestima íntegramente a demanda por sustentar a súa petición no prezo de mercado das participacións e non no valor das ditas participacións no balance de 1998, consonte ao seu valor inicial cos actualizacións que, no seu caso, se houberan producido.

2 ANOTACIÓN

O punto central sa sentenza anotada refírese á cuestión da avaliación das achegas ao capital con motivo do reembolso das mesmas a un socio que cause baixa: en concreto, no caso da *litis*, por expulsión da cooperativa. A norma aplicabel ao

caso, no punto central do debate, é a lei de cooperativas de 1987 (“*Ley 3/1987, de 2 de abril, General de Cooperativas*” BOE de 8 e abril, en adelante LGC).

Na dita norma de 1987 atribúese a o socio (art. 35) o dereito, entre outros, “*a la actualización y devolución de las aportaciones al capita social*”. O réxime concreto ao que o reembolso debe se suxeitar é ao disposto no art. 80, que remite ao que dispoñan os Estatutos que, pola súa parte deberán observar o establecido no citado precepto. En síntese e para o que aquí interesa, son tres os marcos a considerar: a) as perdas imputadas ao socio no exercicio da baixa deduciranse do importe das achegas no momento da baixa; b) do importe das achegas obrigatorias, resultante de aplicar o precedentemente indicado, restarase a suma que acorde o Consello Rector, ata o límite máximo establecido polos Estatutos (que non poderá ser superior ao 30 por 100 no suposto de baixa por expulsión); c) reembolso a efectuar nun prazo máximo de cinco anos a partires da data da baixa.

En vista ao anterior, tense advertido (F.J. TORRES PEREZ, *Régimen jurídico de las Aportaciones Sociales en la Sociedad Cooperativa*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2012, pp. 398 y ss.) o pouco axeitado do termo “reembolso”, xa que non hai tal, non se devolve unha suma igual á desembolsada, senon que sobre esta cantidade practícanse certas actualizacións ou deducións. O debate terminolóxico sobre cal é o termo mais axeitado, se reembolso, devolución ou liquidación, ven sendo un clásico, se ben con tendencia a admitir este último como o mais axeitado.

No vixente réxime xurídico, a LC (Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas), de xeito paralelo reconece o dereito do socio “*a la actualización, cuando proceda, y a la liquidación de las aportaciones al capital social, así como a percibir intereses por las mismas, en su caso*” (art. 16.2.e)). En relación ao réxime concreto de reembolso, despois de remitir aos Estatutos sociais o seu regulamento, dispon que “*la liquidación de estas aportaciones se hará según el balance de cierre del ejercicio en el que se produzca la baja, sin que se puedan efectuar deducciones, salvo las señaladas en los puntos 2 y 3 de este artículo*” (art. 51.1). Estas dedución serán as correspondentes a perdas imputadas e imputables ao socio, reflectidas no balance de peche do exercicio no que se produza a baixa, e, no caso de baixa non xustificada por incumprimento do período de permanencia mínimo, os estatutos sociais fixarán a porcentaxe a deducir, que non poderá superar o trinta por cento.

No ámbito territorial da *litis* –Rexión de Murcia– o norma vixente na actualidade en relación ao caso comentado, sería o art. 71 da Lei 8/2006, de 18 de novembro, da Rexión de Murcia (BOE de 9 de maio de 2007, modificada por Lei 4/2011, de 21 de outubro (BOE de 15 febreiro de 2012), que traemos aquí a título de exemplo. No dito precepto, adicado á liquidación e reembolso das achegas, establécese que serán os estatutos os que regulamente o reembolso das mesmas. Pero a dita norma establece os seguintes pautas legais en relación a esta cuestión:

1, os socios que causen baixa terán dereito a que non se lles rexeite o reembolso de, alomenos, o 25% da súa achega ao capital social (agás nas cooperativas agrarias); 2, a liquidación das achegas faráse segundo balance de peche do exercicio no que se produza a baixa, sen que se poidan efectuar mais deducións que as seguintes: a) as perdas imputables ao socio e reflectidas no balance de peche do exercicio da baixa, así coma as sancións económicas impostas ao socio e non satisfeitas e, b) no caso de baixa non xustificada por incumprimento do período de permanencia mínimo, poderáse establecer unha dedución sobre o importe resultante da liquidación das achegas obrigatorias, sen que a porcentaxe a deducir poida ser superior ao 30%.

Dentro do ámbito doutras leis autonómicas podemos citar, tamén a título de exemplo, o art. 64 da Lei de Cooperativas de Galicia (Lei 5/1998, do 18 de decembro, LCG, DOG de 30 decembro), adicado ao reembolso das achegas, que remite aos estatutos sociais a regulamentación do dereito do socios ao dito reembolso no caso de baixa, se ben aqueles deberán respeitar unhas regras mínimas contidas no citado precepto, a saber: 1, a liquidación farase polo seu valor nominal segundo resulte do balance de pechamento do exercicio no que se produce a baixa; 2, poden aplicarse deducións sobre todas as cantidades reembosables por achegas obrigatorias; 3, Non se non poden aplicar deducións ao reembolso das achegas voluntarias; 4, son posibles deducións ata un 30%, no caso de expulsión, ou un 20%, no caso de baixa non xustificada, no importe de reembolso das achegas obrigatorias; 5, non caben deducións no caso de baixas xustificadas (M. BOTANA AGRA e R.A.MILLÁN CALENTI: *Lei anotada de cooperativs de Galicia e normas autonómicas de desenvolvemento*, CECOOP, Santiago de Compostela, 2012, p. 130).

Resulta evidente o vencellamento que ten o dereito ao reembolso co principio de porta aberta da sociedade cooperativa: o recoñecemento de tal dereito impide que este principio quede limitado a unha mera formulación mais ou menos retórica. As limitacións que no plano legal formulanse en canto a regulamentación do exercicio do dereito de reembolso, teñen que ver co carácter variable do capital cooperativo: procúrase así impedir que o exercicio descontrolado deste dereito poidera atentar contra a integridade económica da sociedade, establecendo uns mecanismos de defensa da mesma.

De todo anterior, dedúcese que o proceso de determinación da liquidación das súas achegas ao socio que causa baixa está regulamentado na lei e nos estatutos sociais: de aquí o rexeitamento da valoración feita polo perito apresentada pola parte demandante, fundamentada no “prezo de mercado” que tiveran acadado as achegas litixiosas. Criterio éste que, ademais, e dadas as limitacións legais para a transmisión *inter vivos* das achegas ás cooperativas, choca directamente coa natureza propia destas últimas. En efecto, as achegas sociais non son nin títulos valores nin partes alícuotas do seu propio patrimonio, susceptibles de transmisión -libre ou sometida a certas condicións-: no plano legal, coma fai notar a

xurisprudencia traída aos autos de referencia, eludese o emprego do termo “participación”. O cal non implica a súa intransmisibilidade, ben *inter vivos* ou *mortis causa*. Pero a dita transmisibilidade está condicionada a adquisición da cualidade de socio do adquirente (cfr. por exemplo, art. 63 da LCG). E o valor a ter en conta na dita transmisión será o valor nominal coas actualizacións que correspondan.

Pola contra, no suposto de *litis*, tratáse do chamado reembolso da achega. E, por prescripción normativa, o cálculo do importe do tal reembolso efectuarase a través de dúas fases fundamentais (vid. vgr., os precitados preceptos da leis murciana ou galega; ou, tamén, da propia lei de 1987): no primeiro lugar, a determinación do valor total das achegas ao capital, feitas polo socio –en principio, as obrigatorias, mais tamén, no seu caso, as voluntarias-, engadindo ao anterior, se houbera norma legal ao efecto, a súa posíbel revalorización ou actualización, se están previstas na norma de aplicación (vid. o art. 77 da ley murciana de cooperativas, que autoriza que os estatutos sociais poidan prever a constitución dun fondo que permita a revalorización das achegas que se devolvan aos socios que causen baixa, e que leven, como mínimo, cinco anos na sociedade cooperativa na data da baixa). No segundo lugar, practícaranse sobre o valor obtido consonte o anterior, as correspondentes deducións legalmente previstas e que poden traer causa da imputación de perdas ou do causa orixinadora da baixa do socio na cooperativa.

Proceso, o referido, que, ademais, nunca tivo lugar no caso axuizado que se comenta: neste, o Consello Rector da cooperativa nunca practicou a tal liquidación nin puido, xa que logo, comunicala ao socio demandante, aínda que fose requerida a dita sociedade a tal efecto.